



*Xeración de Crédito 004-X/19 (09/19)*  
*Expte. Cividas: 2019002407*  
*Exptes relacionados: 2018004449 e 2019002428*  
*XC – 004/2019*

## **DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto Convenio de colaboración para “Programa de axudas de material escolar e comedores a menores en situación de vulnerabilidade, asinado entre o Concello de Ourense e a Fundación Bancaria “La Caixa”, como entidades que teñen obxectivos comúns e/ou complementarios no desenvolvemento de programas sociais de axudas, en data 24/10/2018.

Vista a Providencia da Concelleira delegada de Asuntos Sociais data 25/10/2018 na que se solicita, en base a dito Convenio a incoación dun expediente de modificación orzamentaria, na modalidade de xeración de créditos, pola cantidade de 10.269,00 €, para o exercicio económico 2018 (identificada coma 27-X/2018) que foi aprobada por Decreto da Alcaldía nº 2018008899, de data 27/12/2018.

Vista a Providencia da Concelleira delegada de Asuntos Sociais de data 14/01/2019 na que, tendo en conta que no exercicio económico en curso non figura contemplado o ingreso do Convenio correspondente ao ano 2019, solicita a incoación dun expediente de modificación orzamentaria, utilizando a figura da xeración de créditos, que permita incluír no orzamento o importe correspondente de 18.731,00 €.

Emitido informe-proposta polo Xefe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, en data 09/10/2019 (ref: 245/2019), asinado pola Concelleira delegada de Facenda, na mesma data, e emitido polo Interventor Municipal, o día 31/10/2019, informe preceptivo (ref: 04X-19) con asunto “expediente xeración de créditos nº 4-X/2019” no que entre outras cuestións indica que: “A proposta de resolución remitida fiscalízase de disconformidade por mor de vulnerar o principio de nivelación orzamentaria efectiva contemplado no artigo 16.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, consonte co cal, todo incremento dos créditos orzamentarios debe ser compensado mediante un aumento dos ingresos ou minoración de gastos noutras aplicacións orzamentarias”.

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposición que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, e no Título III do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 4-X/2019**, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:



**APLICACIÓN DOS FONDOS**

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
N150.2313.22642	Programa de comedores escolares. Emex. social	18.731,00 €
TOTAL.....		18.731,00 €

**ORIXE DOS FONDOS**

<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
48006	Achegas por Convenios coa Concellería de Asuntos Sociais (ingresos efectivos xa efectuados, deben aplicarse á conta 554 “cobros pendentes de aplicación” = 9.731 €, e a conta 561.12 “depósitos recibidos a corto prazo” = 9.000 €)	18.731,00 €
TOTAL.....		18.731,00 €

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

